

A non perder!

Redacción | [@prazapublica](#)

Festival de curtas Curtocircuíto

O XIII festival [Curtocircuíto](#) celébrase esta semana, e trae a Compostela aos directores Abel Ferrara, Sergei Loznitsa, Ana Vaz e Pedro Maia, o crítico de cine Jonathan Rosenbaum, o ex-director da FilMOTECA Española Chema Prado, grupos como os escoceses The Cosmic Dead, os cataláns Celestial Bums e os valencianos Siesta! e artistas multidisciplinares como The Legendary Tigerman.

Outro dos nomes que soarán con forza durante o festival será o do compostelán Javi Álvarez, quen empezará a semana impartindo no CGAC “Todo vai ser diferente” un obradoiro sobre procesos de experimentación audiovisual partindo do uso de tecnoloxías sinxelas, dispositivos obsoletos, enxeñaría doméstica e circuit bending (modificación de xoguetes electrónicos). Álvarez, membro do xurado que elixirá a película gañadora da categoría Planeta GZ, tamén realizará un espectáculo de live cinema, titulado “Cando prácticas e non practicas” o mércores 7 na sala Riquela. O martes 4 ás 22:25 horas poderán verse no Teatro Principal curtas de Borja Santomé, Alberte Branco, Eloy Domínguez, Keina Espiñeira, Carla Andrade, Diana Toucedo e Miguel Mariño na sección Plante GZ.

Concertos no Clavi, en Lugo

O martes 4 de outubro ás 23:30 horas haberá no Clavi, en Lugo, un concerto de Deep Mind. O mércores 5 de outubro ás 23:00 horas tocarán Le Parody / Folktrínica (Artistas en ruta).

Escritorxs na Universidade, en Vigo

O ciclo “Escritores/as na Universidade”, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Secretaría xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, propón unha

serie de mesas redondas que achegan ao alumnado universitario, e á sociedade en xeral, a oportunidade de escoitar e interactuar cos autores/as analizando a súa obra persoal, cada ano desde un prisma diferente que vén dado polo lema do ciclo, que nesta edición é “Teoría de contrarios”.

No Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo terá lugar a segunda das mesas, ás 10.00 do 5 de outubro, que desde o xénero poético e coa participación de Iolanda Zúñiga e Silvia Penas, abordará o tema dos límites difusos entre a poesía e a performance nunha mesa titulada “Poesía ou performance?”. Despois de cada mesa redonda hai un coloquio aberto para dar oportunidade ao alumnado de formular as súas preguntas. As mesas serán retransmitidas en directo no servidor de streaming da Universidade de Vigo.

Xornadas de Música Contemporánea en Santiago

A concelleira de Acción Cultural do Concello de Santiago, Branca Novoneyra, e Antonio Moral, director do Centro Nacional de Difusión Musical do INAEM presentaron o programa das Xornadas de Música Contemporánea 2016. Fixérono acompañados da vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín; o director do CGAC, Santiago Olmo; a vicerreitora de Cultura da USC, María Dolores Álvarez; e a xerente do Consorcio de Santiago, Belén Hernández. No ano 2012 renacían en Santiago estas Xornadas co obxectivo de difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea. Este ano celebramos unha nova edición, que ofrecerá un total de 20 concertos interpretados por 14 agrupacións musicais en lugares como o Paraninfo da Universidade, o Auditorio de Galicia, a Igrexa da Universidade e a de Bonaval, o CGAC, a Sala Agustín Magán e o Teatro Principal.

Os días 8 e 9 de outubro teremos dúas propostas de Vertixe Sonora Ensemble: o día 8 en ‘Kairós, o momento oportuno’ poderemos gozar con diversos instantes exacto nos que o son se produce e se transforma e xa o día 9 preséntannos ‘Microteatro Psicopático: palabras perdidas, monstros e espazos misteriosos’, un achegamento á obra literaria de Javier Tomeo co compositor Óscar Carmona e acompañados polo actor Carlos Álvarez-Ossorio. O sábado 15 o conxunto vocal catalán Música Reservata presenta ‘Conceptio universalis’ cun programa que xoga cos contrastes entre o novo e o vello, con pezas de onte inseridas entre as actuais, entre as que ademais figura unha re-estrea de obra encargo do CNDM. O 16 de outubro o Ensemble Música Práctica presenta ‘Catro tímbricas pintadas’, que nos ofrece unha narrativa audiovisual na que as cores que configuran as imaxes están asociadas a cada un dos catro instrumentos que conforman o ensemble.

As dúas propostas coas que pechamos o mes de outubro chegan da man do Taller Atlántico Contemporáneo. O día 28 ofrécenos ‘The Rothko Chapel’, obra absolutamente hipnótica e fascinante que se verá potenciada pola extraordinaria acústica da Igrexa de

san Domingos de Bonaval; e xa os días 29 e 30 poderemos escoitar 'Vox Balaenae', obra para violonchelo, frauta e piano amplificados que está inspirada no canto dunha balea xorobada que George Crumb escoitara nunha gravación.

Concertos de outono da Banda Municipal de Santiago

O 'Ciclo de Outono' da Banda Municipal de Música de Santiago abrague 15 concertos, cinco no mes de outubro, sete en novembro e 3 no mes de decembro. Dentro deles, seis serán polas mañás dirixidos a escolares xa que están enmarcados no programa didáctico da Concellaría. Ademais, tamén están un concerto especial dentro das Xornadas de Música Contemporánea, outro para o festival Cineuropa e o concerto de Nadal.

No mes de outubro haberá cinco concertos, tres abertos ao público e dous concertos didácticos. Os didácticos serán no Auditorio de Galicia o xoves 13 e o venres 14 con dúas funcións cada día, baixo o nome de 'O País da banda' e con Paula Carballeira como narradora. En canto aos concertos abertos ao público, inauguramos ciclo o domingo 9 de outubro co 'Concerto Inicio de Temporada 16/17' e continuamos o domingo 23 con 'Primeiros Sinfonismos do Século XX', con Javier Viceiro Filgueira como director convidado e Javier Ares Espiño ao piano. Pechamos a programación do mes o domingo 30 coa Gala Lírica 'Opereta&Zarzuela' dirixida por Casiano Mouriño e acompañados pola soprano Laura Alonso Padín. Os tres concertos son ás 12.00 h no Teatro Principal e de balde.

En novembro haberá catro días de propostas didácticas, venres 4, mércores 23, xoves 24 e venres 25, con 'Imos ao cine coa BMSC'. Dirixidos por Casiano Mouriño e con imaxes de Manuel Muñoz Hermida serán ás 11.00 h na sala Mozart do Auditorio de Galicia. O domingo día 13 a Banda ofrecerá o seu habitual concerto dentro das Xornadas de Música Contemporánea baixo o nome 'Imaxes Contemporáneas' presentado por Beatriz e Alberto Cancela e dirixido por Casiano Mouriño. O domingo 20 poderemos escoitar 'Conectando culturas' baixo a dirección de David Fiuza Souto e pechamos o mes co concerto especial de Cineuropa: 'Imos ao cine coa BMSC', con imaxes de Manuel Muñoz Hermida. Todos os concertos son de novo ás 12.00 h no Teatro Principal. No mes de decembro a banda ofrecerá tres concertos. Os do domingo 4 cun director por determinar, e do domingo 18 con 'The Valencia Widow' serán ás 12.00 no Teatro Principal. Pechamos a programación do ciclo co concerto especial de Nadal o venres 23, dirixido por Casiano Mouriño e acompañados polo Cantorum Compostellana Coniunctio que dirixe Anxo Abel Souto, nesta ocasión será tamén no Teatro Principal pero ás 20.30 h.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.